

1. Bolsas e prácticas profesionais

1.2. Organismos públicos galegos

A Mesa do Parlamento de Galicia convoca unha serie de bolsas co obxecto de realizar unha formación práctica nas materias de arquivo, biblioteca e documentación; comunicación institucional, publicacións, recursos técnicos e contratación e xestión parlamentaria, e tamén unha bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual.

PARLAMENTO DE GALICIA. BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Ser español ou nacional dun Estado membro da UE ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas.
- Posuír as titulacións universitarias que seguen obtidas no ano académico 2011-2012 ou en anos posteriores: grao ou licenciatura en documentación, grao en información e documentación ou diplomatura en biblioteconomía e documentación; grao ou licenciatura en xornalismo, publicidade e relacións públicas ou comunicación audiovisual; grao en licenciatura en filoloxía galega; grao en arquitectura ou arquitectura técnica, en enxeñería de tecnoloxía industrial ou enxeñería en organización industrial; licenciatura ou grao en dereito, en ciencias políticas e da administración ou grao en dirección e xestión pública. ciencias da comunicación ou en ciencias sociais e da comunicación, licenciatura en filoloxía galega ou tradución e interpretación no caso de ter escollida como primeira lingua o galego, grao, licenciatura ou diplomatura en informática.
- Acreditar un coñecemento da lingua galega en nivel de perfeccionamento ou Celga 4.
- Non resultar beneficiario en convocatorias anteriores do Parlamento de Galicia.

Lugar

Na sede do Parlamento de Galicia.

Prazos de solicitude

No primeiro trimestre do ano.

O período de solicitudes pode verse afectado pola paralización dos procedementos administrativos no 2020.

Proceso de selección

A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados.

Para máis información: parlamentodegalicia.es

Duración e contía

A duración é de 12 meses.

A contía total de cada bolsa será de 12.000 euros (doce mil euros) brutos, que se percibirán unha vez finalizado cada mes, a razón de 1.000 euros (mil euros), e que estarán suxeitos á retención que legalmente proceda.